

ACORDO DE GOBERNO

1 OBXECTIVOS XERAIS

- ? Mellorar a calidade de vida no marco dunha cidade habitábel e sostíbel, con cohesión territorial e social, primando o dereito a acceder a unha vivenda, a contar con emprego de calidade e cos servizos públicos acaídos para garantir o benestar de todas as persoas e, especialmente, dos colectivos con maiores dificultades.
- ? Consolidar Compostela como capital de Galicia, converténdoa en vangarda do país no que toca á defensa dos sinais de identidade e ao desenvolvemento, atraendo os recursos que lle permitan exercer o liderado e o papel institucional que lle corresponde.
- ? Impulsar a cooperación comarcal para lograr que Compostela, como municipio dinámico e innovador, lidere o hinterland económico e social que forma cos concellos da comarca.
- ? Reforzar o papel de Compostela como cidade da cultura e da innovación, aproveitando o Xacobeo 2010 para convertelo nunha oportunidade de desenvolvemento, integrando a Cidade da Cultura na cidade e nas redes sociais e económicas e potenciando a Universidade como polo de xeración de coñecemento e de innovación.
- ? Pular pola extensión e mellora dos servizos públicos e de benestar para lograr estándares de calidade adecuados para toda a veciñanza en todo o territorio.

2 MEDIDAS DE GOBERNO

1. Impulsar o desenvolvemento económico do municipio e a creación de emprego a través de políticas activas e da posta ao dispor das empresas 600 Ha de solo, dos cales 270 Ha deberán estar no mercado no curto prazo. Integrar a Estación de Mercadorías cos polígonos e garantir a comunicación destes co resto da cidade e co Aeroporto. Reforzar o Departamento de Promoción Económica cos recursos humanos e económicos que cumbran.
2. Colaborar á expansión do tecido económico de Compostela -o sector empresarial e de servizos, o comercio, a hostalería, as industrias culturais, o sector agrogandeiro...- con actuacións que primen a innovación e a modernización, a aplicación de novas tecnoloxías, a transmisión xeracional e o agrupamento dos negocios.

3. Colaborar coa Universidade na captación de alumnado, na mellora das súas condicións de vida e nos programas de integración laboral. Contribuír á dotación de infraestruturas, como o Parque Científico-Tecnolóxico ou o Campus das Ciencias da Saúde, e ao favorecemento de sinerxías entre a produción científico-técnica e o tecido empresarial e sociocultural. Favorecer a implantación e novos centros de investigación e innovación e aproveitar a cooperación que, neste sentido, se establece entre institucións.
4. Promover unha imaxe de Compostela como cidade de destino desestacionalizado e de permanencia vinculando o turismo aos atractivos culturais, artísticos e ambientais. Consolidar as liñas do Plan estratéxico de turismo a través do Plan de competitividade e calidade turística (2006-2009), da consolidación da cidade como plató cinematográfico e sede de festivais de cine.
5. Aplicar o Plan estratéxico de Compostela como eixo director da acción de goberno.
6. Implementar o Plan xeral de ordenación municipal en todos os seus aspectos e de maneira áxil e revisalo, no que atinxe ás previsións para a zona rural, durante o mandato actual.
7. Promover unha política activa de vivenda, impulsando a vivenda protexida nas súas distintas modalidades, adaptando a oferta as novas necesidades (mozos/as, maiores, persoas con discapacidade...). Fomentar a calidade da edificación, a súa eficiencia e sostibilidade enerxética.
8. Continuar coa política de rehabilitación de vivendas da cidade histórica de cara a acadar a rehabilitación integral, desenvolvendo as áreas de rehabilitación integral de Pontepedriña e Vista Alegre e impulsando novas ARIS como a de San Pedro-Belvís, San Lourenzo e a Almaciga. Iniciar, asemade, un programa de rehabilitación de vivendas que se estenda a outros barrios e aos núcleos rurais.
9. Desenvolver a reurbanización das travesías urbanas.
10. Pór en marcha as medidas legalmente posíbeis para mobilizar o parque de vivendas baleiras. Continuar, nesta liña, co programa de edificios tutelados.
11. Convocar axudas de rehabilitación e de promoción comercial para fomentar novos usos nos locais comerciais da cidade histórica.
12. Incorporar Compostela á utilización e rendibilización das tecnoloxías da información e da comunicación para o cal se promoverá a inclusión do municipio en proxectos de ampliación da sociedade do coñecemento e actuando paralelamente na conectividade, na alfabetización e na creación de contidos. Implantar sistemas de acceso sen fíos con carácter gratuíto partindo da ampliación da rede wimax.

13. Impulsar novas infraestruturas de comunicación: a Estación Intermodal, a Estación de Mercadorías da Corveira e a nova terminal do Aeroporto, a ampliación a tres carrís da AP-9, o novo orbital, o soterramento da rotonda de Conxo, a ampliación da ponte da Rocha e a conexión do Polígono do Tambre co Romaño. Axilizar a execución das infraestruturas comprometidas e aínda pendentes.
14. Mellorar a rede local de estradas e pistas de comunicación entre núcleos e incrementar a calidade dos espazos públicos en todo o municipio con plans integrais de mellora dos barrios e núcleos rurais.
15. Encargar o proxecto da praza dos Salgueiriños co obxectivo de licitar as obras no ano 2008. Iniciar a recuperación dos patios interiores do Ensanche. Remodelar a praza de Galiza, manténdoa como espazo público e zona verde e reordenando o usos peonís e de circulación, logo dun concurso de ideas aberto. Completar os proxectos de mellora da Cidade Vella. Impulsar o soterramento dos servizos por cable, a eliminación de barreiras e a modernización da rede de iluminación.
16. Implantar a Axenda 21 Local e aprobar no 2008 o Plan de acción ambiental, no marco do cal se incluírán plans específicos de aforro enerxético, apoio ás enerxías renovábeis, de redución da contaminación ambiental e do consumo de auga, de aplicación dos 3 R e de mellora da calidade do medio urbano e natural. Construír unha planta de compostaxe para a fracción orgánica co fin de reutilizar o compost nos parques.
17. Elaborar un mapa de ruído para diagnosticar a situación e deseñar as medidas correctoras.
18. Completar a recuperación beiras dos ríos Sar e Sarela actuando asemade na mellora da calidade das augas e avanzar no acondicionamento do monte Pedroso e da Selva Negra.
19. Construír o parque recreativo-deportivo das Brañas de Sar, cunha superficie de 37,5 Ha e ben comunicado co Ensanche, a Cidade da Cultura e os barrios adxacentes. O proxecto incluírá unha zona de auga permanente, un complexo de lecer infantil, un espazo cuberto para actividades culturais que recupere a marquesiña da Estación de Ferrocarril, espazos verdes e instalacións deportivas.
20. Completar a rede de abastecemento e saneamento en todos os núcleos rurais. Impulsar a construción dos colectores xerais e da nova depuradora.
21. Desenvolver un plan de mobilidade en todo o municipio que diagnostique as necesidades e demandas e deseñe as medidas necesarias para resolver os problemas de tráfico.
22. Deseñar e aplicar un programa transversal de desenvolvemento das parroquias rurais do norte e do noroeste do municipio que teña en conta as infraestruturas, a mobilidade, o ámbito sociocultural e a dinamización económico-laboral.

23. Revisar o funcionamento do transporte público, impulsando a creación dun Consorcio Comarcal de Transporte que xestione unha rede única nese ámbito para dar servizo á totalidade das parroquias do municipio. Estudarase a posta en marcha dun sistema específico, servido con vehículos eléctricos, para o contorno da Cidade Vella. Nos vindeiros dous anos ficarán conxeladas as tarifas do transporte público e crearanse novos sistemas de bonificación, ao remate dos cales avaliarase a situación en función do número de usuarios para adoptar as decisións pertinentes.
24. Realizar os estudos para a conexión mediante tren de proximidade co aeroporto da Lavacolla, con Bertamiráns, co Milladoiro e con Cacheiras.
25. Promover programas innovadores que atendan as novas realidades sociais, como o programa “madrugadores” a prezos accesíbeis ou a posta en marcha da ludoteca das Fontiñas e a construción dunha nova na zona sur. Promover un plan de mellora dos equipamentos educativos públicos e ampliar o programa das escolas infantís públicas (galescolas) coa de S. Roque, Ensanche (Tras-Parlamento), Polígono do Tambre, Castiñeiriño-Pontepedriña, Santa Marta-Choupana e zona norte. Reclamar da Consellería de Educación a construción do novo centro de educación primaria para substituír o Ramón Cabanillas e outro para o barrio de Sar. Favorecer a ampliación do Conservatorio Profesional de Música e o novo edificio da Escola de Idiomas.
26. Impulsar a construción de dous novos centros de saúde en Galeras e no barrio de Conxo, xestionando a posta en marcha de servizos de atención especializada no antigo Hospital Provincial, en Galeras.
27. Xestionar o inicio da construción (2007) dunha nova residencia para a zona sur na Pontepedriña e a programación doutra para a zona norte nas Fontiñas, ambas as dúas con centros de día.
28. Reforzar a prestación de servizos para o benestar das persoas, cunha perspectiva preventiva e con ampliación da cobertura para dar resposta ás novas necesidades e ás esixencias que marca a lexislación sobre dependencia. Neste liña, procurarse desenvolver un modelo de intervención multidisciplinar inserida na realidade das diferentes zonas do municipio.
29. Deseñar un Plan integral de xuventude que, co obxectivo de lograr a plena incorporación sociolaboral da mocidade, mellore a información e a formación, xere oportunidades de emprego, facilite o acceso á vivenda, creación de espazos e oferta de ocio e facilidades no accesos aos servizo.
30. Dinamizar o Consello Municipal da Muller e actualizar o Plan de igualdade de cara a garantir a igualdade de oportunidades para as mulleres e loitar contra a violencia de xénero empregando esforzos en medidas dirixidas a lograr a plena incorporación laboral e a facilitar a conciliación desta coa vida persoal.

31. Impulsar as políticas dirixidas á poboación inmigrante e emigrante retornada, reforzando a Oficina Municipal de Migracións para ofrecer información, facilitar trámites e contribuír á integración sociolaboral dos inmigrantes e emigrantes retornados. Crear o Consello de Migracións e promover o asociacionismo e o intercambio cultural coa poboación autóctona. Procurar a extensión dos servizos sociosanitarios a toda a poboación inmigrante.
32. Continuar as liñas de consolidación da produción cultural propia e de dotación de espazos para a difusión que teñan en conta todo o territorio. Seguir, así mesmo, revitalizando os diferentes axentes da produción e exhibición cultural. Potenciar Compostela como capital cultural no mundo a través dos intercambios permanentes con outras culturas e co reforzamento das redes propias que deberán integrarse tamén coa Cidade da Cultura para garantir o seu aproveitamento.
33. Pór en marcha o Museo da Cidade, o Centro de Estudos Locais Ánxel Casal e o Centro de Creación Contemporánea da Almaciga.
34. Dedicar unha partida económica que represente o 0,7% dos investimentos municipais a aplicar un Plan de cooperación en programas de desenvolvemento e colaborar coas ONGD locais.
35. Construír os novos centros socioculturais de Santa Marta-Choupana, do Casco Histórico e do Ensanche e abrir o da Lavacolla. Iniciar a reformulación dos centros socioculturais en verdadeiros centros cívicos que aglutinen os diferentes servizos e equipamentos e funcionen como núcleos de participación e dinamización social.
36. Promover a práctica do deporte mediante o apoio ás entidades de base, programas que a estendan a todos os colectivos, especialmente ás persoas maiores e con discapacidades e a ampliación dos horarios de apertura das instalacións.
37. Continuar as liñas de apoio ao deporte profesional a través da Fundación Compostela Deporte e atraer a Compostela novos eventos deportivos que contribúan á difundir a práctica do deporte.
38. Poñer en marcha un plan director de infraestruturas deportivas que inclúa a Cidade Deportiva do Monte do Gozo, a Área Deportiva de Roxos-Villestro, a remodelación do Complexo Deportivo de Santa Isabel, construír os campos herba sintética de San Lázaro III e IV, un circuito de karting na Costa Vella, pistas deportivas nas Fontiñas, un Complexo Deportivo e Conxo e outro na zona norte, unha pista de xeo.
39. Elaborar o Plan de emerxencias.

40. Impulsar un proceso de racionalización e modernización administrativa poñendo en marcha un sistema de certificación de calidade e incorporando as TIC para a mellora da información e dos procedementos. Dotar o Concello dunha nova sede administrativa unificada e accesíbel.
41. Crear medios de comunicación municipais para dar conta dos acordos e das iniciativas de goberno.
42. Favorecer a participación social no deseño e na aplicación das políticas municipais fortalecendo a rede asociativa e aumentando as cotas de corresponsabilidade da veciñanza na toma de decisións do Concello, nomeadamente na distribución dos recursos públicos.
43. Aplicar a Lei de grandes cidades no que toca á creación de órganos como a Comisión de Queixas e Suxestións, que velará polo cumprimento da lexislación vixente en materia de dereitos civís, ou a territorialización. Crear os primeiros consellos territoriais de participación.
44. Continuar na liña de promoción social do idioma galego e intensificar as políticas de galeguización da administración poñendo en marcha a definición de perfís lingüísticos para os postos de traballo da Administración municipal. Incorporar o Concello ao Consorcio de Política Lingüística.

3 BASES XERAIS DO ACORDO

O goberno municipal de Santiago de Compostela debe ser garantía de estabilidade e gobernabilidade para os vindeiros catro anos e actuar de acordo cos seguintes principios:

Principio de unidade de xestión e solidariedade. O goberno municipal, como órgano único e colexiado, actuará con cohesión, lealdade e apoio mutuo, responsabilizándose de xeito conxunto e solidario do funcionamento do Concello, partindo do diálogo e co compromiso cun programa municipal común.

Principio de autonomía. Cada concelleiro/a terá autonomía de xestión na súa área, dentro do marco das liñas programáticas básicas e con sometemento ás normas xerais e ás decisións corporativas que garanten o funcionamento unitario do goberno municipal. Cada formación política manterá a súa autonomía de actuación no que exceda á xestión municipal e preserva o seu dereito a manifestar publicamente as súas posicións a respecto da acción de goberno e da calquera asunto municipal.

Principio de eficacia. Na acción de goberno primará a axilidade, eficiencia e eficacia, para así acadar un nivel óptimo de prestación de servizos e de mellora da calidade de vida da cidadanía.

En desenvolvemento destes tres principios establécense os seguintes criterios:

1. Na discusión orzamentaria anual garantirase o financiamento para a acción de goberno correspondente a ese exercicio co obxectivo de levar adiante os compromisos de goberno conxunto e de cada unha das áreas. Asemade, dentro das posibilidades legais e orzamentarias garantirase, en cada concellaría, por todos os medios posíbeis a dotación de persoal necesaria para o desenvolvemento dos compromisos programáticos e de acción de goberno.
2. Sen prexuízo da representación xeral que lle corresponde á Alcaldía, a representación municipal nos distintos ámbitos que non estea atribuída a áreas delegadas exercerase de xeito equitativo entre ambos os grupos políticos asinantes.
3. Garantirase o funcionamento profesional e a cooperación interdepartamental dos servizos municipais de carácter transversal. Evitarase o desenvolvemento de programas paralelos que poidan entrar no ámbito de responsabilidades atribuídas a outra concellaría, non obstante propiciaranse actuacións conxuntas naquelas cuestións que se consideren de interese.
4. Os postos directivos e persoal de libre designación serán designados pola Xunta de Goberno por proposta do/a concelleiro/a delegado que teña atribuída a responsabilidade do ámbito no que vai desenvolver o seu labor. Os nomeamentos que non sexan atribuíbeis a unha área delegada serán propostos pola Alcaldía logo da consulta e deliberación entre as dúas formacións políticas.
5. A delegación da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local incluírá as seguintes competencias:
 - a. Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos ou áreas respectivas.
 - b. Autorizar as actuacións e os gastos e pagamentos correspondentes inferiores a 12.000 euros no referente ás partidas asignadas a cada concellaría. Esta autorización recollerase nas bases de execución do orzamento.
 - c. Organizar o funcionamento ordinario dos departamentos en aras a conseguir a optimización dos recursos materiais e humanos de acordo co establecido na relación de postos de traballo e na normativa aplicábel.
 - d. Propoñer a definición dos procesos de selección e dotación de persoal incluído no ámbito de responsabilidade da concellaría.
 - e. Dirixir os actos ordinarios de trámite administrativo, ordenar a tramitación de expedientes e formular as propostas que corresponda resolver a calquera dos órganos do goberno municipais.
 - f. Cada concelleiro/a terá delegación de sinatura para as competencias recollidas nos epígrafes anteriores, debendo dar conta á primeira Xunta de Goberno que se celebre de todas as resolucións asinadas polos/as concelleiros/as, así como para os acordos e convenios que correspondan á súa área con outras instancias ou entidades, logo da

aprobación pola Xunta de Goberno Local cando non estea incluído nas súas competencias.

- g. No referente á sinatura dos actos derivados de competencias non delegadas nos/as concelleiros/as será efectuada polo alcalde, titular ou accidental, polo/a concelleiro/a de Urbanismo ás relativas á área de Urbanismo, polo/a concelleiro/a de Facenda ás relativas á área de Facenda e con carácter xeral polo tenente de alcalde.

- 6. A Xunta de Goberno Local é o órgano coordinador da actividade do goberno.
- 7. Constituirase unha comisión de carácter paritario na área de comunicación cuxa función será o establecemento dos criterios de comunicación e a supervisión do seu cumprimento para achegar á cidadanía os acordos adoptados pola Corporación municipal. Esta comisión estará integrada por dous/dúas concelleiros/as do BNG (un deles o tenente de alcalde, que exercerá a presidencia da mesma) e dous/dúas concelleiros/as do PSdeG-PSOE, os acordos deberán ser adoptados por unanimidade
- 8. Establecerase unha comisión de seguimento paritaria para garantir o cumprimento dos acordos incluídos neste pacto, interpretar aqueles aspectos que sexa preciso e resolver as diferenzas que poidan aparecer na acción de goberno entre os dous grupos que o forman. Esta comisión reunirse cada tres meses ou por solicitude de calquera das partes.

4 ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

Presidencia de comisións informativas

PSdeG-PSOE

Facenda e Réxime Interior. Especial de Contas
Urbanismo.

Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións

BNG

Servizos
Área Social

O Tenente de Alcalde será o segundo representante do Concello na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Compostela.

Tenencias de Alcaldía:

BNG- Tenencia de Alcaldía

Con carácter xeral, representará ao Concello nos actos e actividades nos que non estea presente o Alcalde, dará conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local e presidirá a Comisión Paritaria de Comunicación.

Xunta municipal de Goberno:

PSdeG-PSOE - Alcalde máis cinco concelleiros/as
BNG - Tenente de Alcalde máis dous concelleiros/as

5 ÁREAS E DELEGACIÓNS

Áreas de goberno:

1. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACION XERAL E RÉXIME INTERIOR
2. FACENDA, ECONOMÍA E FINANZAS
3. FOMENTO E PROMOCIÓN
4. URBANISMO E INFRAESTRUTURAS
5. BENESTAR SOCIAL
6. DINAMIZACION SOCIAL
7. MOBILIDADE E SEGURIDADE CIDADÁ
8. MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTÍBEL

Delegacións:

PSdeG-PSOE

Benestar Social e Muller.
Obras e Infraestructuras. Relacións Veciñais.
Urbanismo e Vivenda.
Facenda e Orzamentos. Deportes
Mobilidade e Seguridade Cidadá. Servizos
Mocidade e Festas.
Réxime Interior, Persoal e Reforma Administrativa.
Transportes, Mercados e Sanidade e Consumo.
Educación e Normalización Lingüística.

BNG

Promoción Económica, Emprego, Comercio e Turismo
Cultura e Centros socioculturais
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel
Rehabilitación e Cidade Histórica

En Santiago de Compostela, o 19 de xuño de 2007

Asdo. Xosé A. Sánchez Bugallo
PSdeG-PSOE

Asdo. Néstor Rego Candamil
BNG

